

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 99

ano 17

marzo-abril 2023

O labor intelectual galego no exilio (I): **O PADROADO DA CULTURA GALEGA DE MÉXICO**

Dende abril de 1939, coa derradeira derrota do bando republicano na **Guerra Civil** (1936-1939), milleiros de españois foron forzados a deixar atrás a súa patria nai, converténdose en exiliados políticos. O éxodo galego, de marcado carácter intelectual, tivo nalgunhas ocasións como porta de entrada outros países europeos –principalmente Francia e Portugal– mais a meirande parte dos desterrados remataría por afincarse en América, especialmente en México e Arxentina durante eses primeiros anos. A partir de 1946, co gallo do fin da **II Guerra Mundial** (1939-1945), tivo lugar un cambio de tendencia no tipo e destino do fluxo migratorio. Dende entón os galegos exiliados foron sobre todo familias, nas que destacou a presenza da muller, e preferiron asentarse en países como Uruguai e Brasil.


O labor exercido polos eruditos galegos na diáspora dende o remate do conflito bélico foi encomiable. Gran parte da intelectualidade ficou en América Latina, por consideralo o lugar máis axeitado para velar pola continuidade dos proxectos que foran paralizados, como o **Estatuto de autonomía de Galicia** -plebiscitado o 28 de xuño de 1936-, e garantir as liberdades públicas, coartadas dende a instauración do réxime franquista. Unha vez asentados, optaron por tomar acción mediante as vías política e cultural, sen perder os fíos coa Galicia “europea”, lugar dende o que se continuou realizando un importante traballo nunha sorte de exilio interior.

Do outro lado do Atlántico, o inxente esforzo individual rematou por converterse nunha tarefa conxunta, signo e síntoma de que a colectividade exiliada se reunise a prol da defensa da cultura e da lingua de Galicia. Os galegos fuxidos recibían tamén a axuda de familiares e amigos da comunidade emigrante preexistente, a cal xa contaba con **espazos de sociabilidade**. Así, os recentemente chegados asociáronse primeiro en organizacións mutualistas asistenciais e/ou culturais recreativas e, máis tarde, viraron cara a outras con firmes fins políticos.

Un bo exemplo de asociacionismo de persoeiros galegos no exterior atopámolo no **Padroado da Cultura Galega de México**, organismo de promoción da cultura propia e de claro compromiso político, xurdido

na Cidade de México na década de 1950.

O documento que protagoniza este número de *Fronda* trátase da convocatoria para unha xuntanza do **Consello Executivo do Padroado** celebrada o 22 de agosto de 1967, na que se habían de tomar decisións vinculantes sobre as actividades institucionais. O presidente, **Manuel Portelo Viña**, e o secretario xeral, **Luís Soto Fernández**, dan cita aos membros do Consello no Ateneo Español de México, lugar de reunión dos republicanos exiliados. Portelo Viña, perito mercantil e activo sindicalista, foi, xunto con Luís Soto, Delgado Gurriarán e Carlos Velo, un dos principais intelectuais da Galicia peregrina en México.



1965, xuño, 12. México D.F.
Convocatoria para unha xuntanza do Consello Executivo do Padroado da Cultura Galega en México o 22 de agosto de 1967.
Papel; escritura mecanografiada; galego; 278 X 210 mm
AHPOu, Luís Soto Fernández C.14628/44

O Padroado da Cultura de México

Un dos primeiros organismos xurdidos no exilio americano foi o **Consello de Galiza** (1944), presidido por **Castelao** -o cargo nunca se proveu tras o seu pasamento en 1950-, dende Bos Aires, capital do galeguismo político. O Consello tivo como guieiro o intelectual e político rianxeiro e pretendeu actuar como un órgano de goberno da futura Galicia autónoma.

No país azteca, a actividade dos grupos manifestamente galeguistas foi intensa. A comezos da década de 1940 nace a primeira empresa sociocultural en México, a coñecida revista *Saudade. Verba Galega das Américas*, que chamaba á incorporación para a loita pola personalidade política e cultural de Galicia. Tempo máis tarde,



Bosquexo para a cabeceira do Padroado da Cultura Galega en México. AHPOu, Luís Soto Fernández, C. 14629/43.

o **29 de xuño de 1953**, un día despois do 17º aniversario do plebiscito do Estatuto de autonomía, un grupo de republicanos galegos exiliados fundaba o **Padroado da Cultura Galega de México** no hotel Majestic de México D.F. A nova entidade societaria tiña como máxima homologar a cultura galaica á cultura universal e cohesionar a colectividade galega no país.

Na primeira etapa do Padroado, os cargos directivos estiveron desempeñados por galeguistas de orientación conservadora como foron os casos do violinista **Xesús Dopico Barreiro** (presidente) e do ourensán **Roxelio Rodríguez de Breña** (secretario xeral). Nun segundo plano existían outras correntes políticas como a do propio **Luís Soto** (vogal), quen fora membro da delegación do Partido Comunista de España en México.

Cómpre destacar que a heteroxeneidade doutrinal deu lugar a disputas internas, mais tamén debemos salientar que, de acordo con Elixio Rodríguez -un dos seus membros máis recoñecidos- o Padroado gozou nos primeiros anos de moito prestixio e da simpatía de todo o ámbito galeguista. En 1957, a liña máis radical do galeguismo representada en **Soto** (secretario de Prensa e Publicacións), no cineasta **Carlos Velo** (secretario xeral) e no

daquela conselleiro especial da Presidencia da República de México, **Adolfo Vázquez Humasqué** (presidente), fíxose co control da organización. Porén, os fortes debates ideolóxicos case provocan o cesamento do Padroado a comezos da década dos 60. Finalmente, votouse a favor da continuidade e producíronse trocos no equipo: Velo convértese no presidente e Soto no secretario xeral.

A influencia do Padroado na rede exiliada no país foi máis que considerable, pois en tan só un ano de vida pasaría de ter 44 asociados a seren 300 as persoas que o apoiaban. A institución -disolta en 1981- serviu de precedente posto que, inspirado nos mesmos principios, tamén se creou o Padroado de Montevideo en 1964.

As iniciativas institucionais

Nun áxil proceso de consolidación institucional incluíronse seccións de historia, literatura, música e teatro. De xeito moi novidoso destaca a creación de cursos de aprendizaxe da lingua galega, algo que deixaba entrever a clara orientación política dos integrantes. Unha das súas primeiras actividades foi a posta en marcha do programa de radio dominical ***Hora de Galicia***, considerado o xerme da organización, pois comezara a emitirse -como *Hora da cultura galega*- en 1952. Tras o primeiro ano de vida do Padroado publícase unha recompilación de 36 intervencións no programa radiofónico. A ***Irmandade da Fala*** foi outra das iniciativas estrela, pois reunía a escola de lingua galega, bandas de gaiteiros, un coro, equipos deportivos etc. para celebrar datas tan significativas como o Día de Galicia.

Non podemos deixar de mencionar o que foi, sen dúbida, o proxecto xoia da institución. Co obxectivo dunha restitución cultural, sae do prelo en 1959 ***Vieiros***. Revista do Padroado da Cultura Galega de México, codirixida inicialmente por Luís Soto, Carlos Velo e Delgado Gurriarán. Ao longo dunha década, e a través dos catro números que se editaron, numerosos intelectuais galegos -exiliados ou non- plasman as súas inquedanzas, anhelos e preocupacións sociopolíticas sobre Galicia nunhas follas que poderían ser estimadas de ouro polo destacado valor que reverteren para o mundo galaico da época.

O exilio galego en México no AHPOu

A actividade intelectual galega na diáspora durante os anos centrais do franquismo constitúe unha peza clave para reconstruír o pasado histórico máis recente de Galicia. O Arquivo Histórico Provincial de Ourense alberga, dende outubro de 1993, o fondo de **Luís Soto Fernández**. Elixio Villaverde, especialista en emigración e exilio en México, considérao o “máis importante fondo documental privado do exilio galego en México”.

Texto: Alba Méndez Brea. DL O 67/2006; ISSN 2659-3491